

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog:http://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 5 DE XULLO DE 2011.

En Bergondo, a 5 de xullo de 2011, na Parrillada San Isidro (Bergondo) sendo as 20.15 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Sindicato Labrego Galego).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa sectorial de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- Dña. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- Dña. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dña. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN TENSE DESENVOLTO, CO SEGUINTE RESULTADO:

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER

2.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA LEADER

2.1. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER:

2.1.1 Creación de Restaurante en Velouzás (Paderne) (L10-41300-29-0040).

Con data 29 de abril de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un restaurante en Velouzás (Paderne).

A entidade promotora do proxecto, Refuxio de Paderne S.L., é unha sociedade unipersonal onde M^a Jose Faraldo García é a única socia ubicada na localidade SAS- Velouzás, no Concello de Paderne..

M^a José Faraldo García é propietaria dunha casa de turismo rural no mesmo lugar onde se vai a ubicar o restaurante. A boa aceptación que está tendo a casa de turismo rural, levoulle a considerar que a creación dun restaurante aumentaría o valor engadido do aloxamento, ademais de ofrecer un servizo de restauración non só á clientela da casa de turismo rural senón á poboación en xeral. O restaurante se adicaría a ofrecer pratos típicos galegos utilizando na súa elaboración materias primas do territorio e materias primas obtidos pola promotora nos seus propios viveiros e hortas.

A promotora levaría directamente a xestión do restaurante, xunto co seu marido, un irmán e un fillo con coñecementos de restauración.

Os investimentos deste proxecto consisten na construción do restaurante e amoblamento da cociña do restaurante.

No restaurante vanse diferenciar dúas zonas: unha zona dedicada a ofrecer comidas diariamente, dotada de 4 mesas con capacidade para 10 persoas cada unha e outra zona de maior capacidade con 25 mesas (10 persoas cada mesa) que se destinaría a celebración de eventos. Capacidade total: 290 persoas.

Este proxecto vai xerar o equivalente a un emprego por conta allea a xornada completa (colectivo desfavorecido).

Esta iniciativa encaixa na medida 413 e no apartado IV Servizos para a economía e a poboación rural.

A innovación do proxecto radica no ofrecemento dun servizo de restauración no rural que xunto co aloxamento actual contribuirá a potenciar o turismo gastronómico e de natureza, contribuíndo a mellorar a calidade de vida das persoas no rural e fixando poboación no rural..

Con data 07 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos deste proxecto comprende á obra civil, mobiliario, proxecto, licencias e permisos necesarios para a creación do restaurante e ascende a 693.413,93.-€ (510.491,02 investimento elixible).

Este proxecto acadou un total de 59 puntos, correspondéndolle un 39,5% de axuda, resultando un importe de 200.000.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 510.491,02.-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que vai a ofrecer un servizo de restauración no rural que xunto co aloxamento actual contribuirá a potenciar o turismo gastronómico e de natureza, contribuíndo a mellorar a calidade de vida das persoas no rural e fixando poboación. Acórdase enviar esta resolución a AGADER.

2.1.2. Modernización carpintería de madeira en Ans (Carral) (L10-41300-29-0070)

Con data 18 de novembro de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para modernizar unha carpintería de madeira en Ans (Carral).

O promotor do proxecto é unha sociedade civil “Carpintería a Meedeira S.C., constituída no ano 2004 por dúas persoas con formación en carpintería de madeira que queren traballar por conta propia.

Esta carpintería maioritariamente se adica á fabricación de mobles de madeira adaptados.

Na actualidade están recibindo demandas de clientes para construír fiestras e galerías de madeira e coa maquinaria que contan non poden dedicarse a súa fabricación. Por este motivo este proxecto consiste na adquisición da maquinaria necesaria para a fabricación de fiestras e galerías de madeira.

O expediente consiste na adquisición dunha escuadradora, encoladora e regruesos.

O promotor adquire o compromiso de consolidación dos tres empregos existentes na actualidade (duas persoas en rexime de autónomos e un traballador por conta allea).

A innovación deste proxecto consiste na creación dun novo produto, a fabricación de fiestras e galerías de antano con ferramentas actuais para que poidan competir no mercado actual.

Esta actividade pode dar lugar ó establecemento doutras actividades no territorio e a potenciación dos recursos endóxenos, como a madeira.

Esta iniciativa encaixa na medida 413 e no apartado II.-Creación, ampliación e modernización de PEMES.

Con data 21 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos deste proxecto comprenden a adquisición de maquinaria (escuadradora, encoladora e regrueso e ascende a 63.720.-€. (54.000.-€ investimento elixible).

Este proxecto acadou un total de 39 puntos, correspondéndolle un 29,5% de axuda, resultando un importe de 15.930.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 54.000.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que este proxecto vai permitir que a entidade promotora poida competir no mercado actual. Tamén pode dar lugar ao establecemento doutras actividades no territorio e a potenciación dos recursos endóxeos, como a madeira. Acórdase enviar esta resolución a AGADER, activando o expediente.

2.1.3. Ampliación campo de golf en Larín (Arteixo)

Con data 8 de xuño de 2010 ten entrada no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para ampliar un campo de golf en Larín (Arteixo).

O promotor deste proxecto produtivo é a sociedade anónima “HERCULES CLUB DE GOLF, S.A”.

O proxecto consiste na ampliación do actual campo de golf de Larín (Arteixo) pasando de 14 a 18 buratos coa finalidade de mellorar a atracción turística, sobre todo dos golfistas do norte de Europa, e de ofrecer mellores servizos.

Os 14 buratos cos que contan na actualidade non son suficientes dada a demanda existente. Coa ampliación poderán acceder a este servizo máis persoas.

Para o mantemento da parte nova do campo é necesario contar con máis maquinaria (a actual non é suficiente). Ademais a ampliación do campo obriga a ampliar os vestiarios para dar cabida a maior afluencia de xogadores. Se pretende instalar 6 duchas máis das existentes (na actualidade contan con 6 duchas). Para mellorar a eficiencia enerxética instalaranse paneis solares e luminarias de baixo consumo.

Nos novos buratos do campo de golf, que actualmente son pastizais (aproximadamente 5 hectareas) se realizarán plantacións de árbores autóctonos, fundamentalmente castiñeiro. Así mesmo, realizarase unha xestión eficiente da auga almacenando a choiva nunha pequena lagoa para utilizar despois para a rega. Empregarase así mesmo árbores e vexetación autóctonos no acompañamento das rúas.

Os investimentos do proxecto consisten na construción de 4 rúas, na compra da maquinaria necesaria para o mantemento do campo, instalación de 6 duchas e aseos, instalación de paneis solares para quentar a auga, instalación de luminarias de baixo consumo para mellorar a eficiencia enerxética e construción dun galpón para gardar a maquinaria.

A entidade promotora comprométese a consolidar os empregos existentes.

O compromiso de creación de emprego adquirido con este proxecto é de dous empregos a xornada completa, colectivo desfavorecido.

Esta iniciativa encaixa na medida 413 e no apartado II.-Creación, ampliación e modernización de PEMES.

Con data 23 de xuño de 2011 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos deste proxecto comprende obra civil, equipamento e maquinaria e ascende a 760.589,53.-€. (644.567,40.-€ investimento elixible).

Este proxecto acadou un total de 61 puntos, correspondéndolle un 40,5 % de axuda, resultando un importe de 200.000.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 644.567,40.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que ademais de ampliar o servizo deportivo, contribuirá positivamente na xestión ambiental do campo de golf, mellorando a xestión da auga, a xestión de especies forestais e a xestión enerxética. Acórdase enviar esta resolución a AGADER, activando o expediente.

2.2. PROPOSTA DE CAMBIO DE INVESTIMENTOS, PREVIA AUTORIZACIÓN DE AGADER DO EXPEDIENTE “L09-41300-29-0029 PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO”.

A Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña, solicita á Asociación Mariñas-Betanzos un cambio de importes das partidas respecto das inicialmente solicitadas do proxecto “L09-41300-29-0029 PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO”.

O motivo do cambio foi debido a que a obra civil solicitada inicialmente era de formigón e posteriormente utilizouse a madeira na creación do centro de interpretación. Por este motivo o custo da obra civil sofre un incremento. Por outra banda non utilizouse man de obra voluntaria na execución o que supón un incremento da partida da obra civil en detrimento da partida de man de obra voluntaria.

A Xunta Directiva acorda a proposta de cambios de investimentos e que sexa remitida á Dirección Xeral de AGADER para a súa aprobación.

2.3. EVOLUCIÓN DO GASTO COMPROMETIDO NO PROGRAMA LEADER

- Xúntase táboa como anexo ao final da acta.

3. INFORME RESOLUCIÓN PROVISIONAL SUBVENCIONS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL E TRANSNACIONAL 2011.

Infórmase ós asistentes que tense presentado a documentación dos seguintes proxectos para participar como socios nos proxectos da bolsa de cooperación REDER 2011, sendo os que máis se axustaban á estratexia do Grupo, pois existía o tope máximo de presentarse a oito proxectos como máximo:

TÍTULO	GRUPO COORDINADOR
1. Los agentes locales como motores en los procesos de desarrollo sostenible de los territorios.	GAL Promancha (Ciudad Real)
2. Agro-Res. Agrorestauración en Red.	GAL Zona Centro (Valladolid)
3. Calidad agroalimentaria. Señas de identidad de los territorios rurales	GAL Aidescom (Segovia)
4. Bioenergía una oportunidad sostenible para el medio rural.	GAL Adrimo (Avila)
5. Por Rutas Turísticas.	GDR Terras de Compostela (A Coruña)
6. El papel de la mujer rural en procesos de desarrollo territorial.	GAL Aidescom (Segovia)
7. Arqueoturismo Rural	GDR Terras do Deza (Pontevedra)
8. Selvicultura como generadora de empleo en el medio rural.	Ruralter zona 6 (Valencia)

Tamén tense enviado como Grupo Coordinador dentro da Convocatoria de Proxectos de Cooperación para o ano 2011 as seguintes propostas:

- 1. Producción Ecolóxica, Innovación y Empleo (E+I+e)**
- 2. Acciones para la mejora de los Bosques de Ribera y de la Franja Costera.**

Fomos convidados a participar como entidade asociada nos seguintes proxectos:

TÍTULO	GRUPO COORDINADOR
1. Emprural sostenibilidade e innovación en clave rural.	Asociación Insular D.R. Gran Canaria
2. Innovación financiera para microempresas en entornos rurales	Grup Leader Eivissa – Formentera
3. Green-Global Rural Energy Efficiency Network	Adri Cerrato Palentino (Palencia)
4. Red Asturgallega de Industrias Agroalimentarias: Estrategias para la innovación.	Centro desarrollo Navia-Porcía (Asturias)
5. Crear: Centro de Recursos para emprender en el ámbito rural	Grup Dácció Local Noguera Segriá Nord (Cataluña)
6. Pao e Bolos Levados	Rota do Guadiana-Adi (Portugal)
7. Caracterización y Desarrollo de productos asociados a la panadería rural	Adesiman (Cuenca)
8. Territorios Rurales comprometidos en la lucha contra el cambio climático	Asociacion D. Rural de Lanzarote
9. Proyecto de Cooperación SALIO	GDR Bajo Nalón (Asturias)
10. Tejiendo Redes	Asociación D.R. Tierra de Campos (Valladolid)
11. Iniciativas Rurales de Empleo	Centro D.R. Merindades (Burgos)

Con data 14 de xuño de 2011 a *Subdirección General de Igualdad y Modernización do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino* ten adoptado a proposta de resolución provisional ás subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional 2011.

O GDR Mariñas – Betanzos, segundo esta resolución provisional participará como grupo asociado nos seguintes proxectos de cooperación:

TÍTULO PROXECTO	GRUPO COORDINADOR	IMPORTE	Nº GRUPOS ASOCIADOS
Calidad agroalimentaria. Señas de identidade de los territorios rurales	GAL Aidescom (Segovia)	460.000.-€ (2011/2012/2013/2014)	35 GRUPOS: 13 grupos son galegos
Territorios rurales comprometidos en la lucha contra el cambio climático	GDR Isla de Lanzarote – ADERLAN – Canarias	400.000.-€ (2011/2012/2013)	10 GRUPOS: 2 Grupos Canarias; 2 Andalucía; 1 Castilla León; 2 Extremadura; 1 Galicia; 1 Murcia e 1 da Rioja.
Red Asturgallega de Industrias Agroalimentarias: Estrategias para la innovación	CEDER Navia-Porcía (Asturias)	424.000.-€ (2011/2012/2013/2014)	14 GRUPOS: 11 Grupos Asturias y 3 Galicia. (Comarca de Ordes, Mariñas – Betanzos e Terras do Deza)
Iniciativas Rurales de Empleo	CEDER Merindades (Burgos)	110.000.-€ (2011)	9 GRUPOS: 2 Grupos galegos, 1 Castilla La Mancha e 6 de Castilla León.

Acórdase que o equipo técnico do Programa LEADER faga chegar aos membros da Xunta Directiva as memorias destes proxectos reformuladas.

Así mesmo, acórdase que o xerente do Programa LEADER dispoña a adicación horaria dentro do seu horario habitual, para desenvolver a accións e tarefas necesarias dentro destes proxectos.

4. MODIFICACIÓN BAREMO AXUDAS LEADER “MARIÑAS – BETANZOS”

O día 7 de xuño tense enviado a AGADER unha solicitude de autorización a modificación do baremo que se aplicará para valorar os proxectos produtivos que se acollan ás axudas do programa Leader xestionadas polo GDR Mariñas – Betanzos, previa autorización da Xunta Directiva en reunión celebrada o pasado día 6 de xuño.

Con data 29 de xuño de 2011, ten entrado no rexistro do GDR Mariñas – Betanzos “solicitude de modificación baremo proxectos produtivos”, onde nos comunican as seguintes consideracións:

- A modificación proposta para o criterio 1.2.B. “Taxa de Paro” non se axusta ó esquema xeral indicado na parte V, xa que o GDR propón para este criterio 2 tramos de discriminación cando na antedita parte establece 4 tramos.
- En dita parte V establececese que o baremo proposto por cada GDR ten que ser, ademais de público, tamén obxectivo, polo que deberá delimitarse varios dos conceptos establecidos nos seguintes ítems do criterio 4.1. “Capacidade de arrastre do proxecto”:
 - No 4.1.1. onde se terá que especificar todos os servizos básicos que se puntuarán neste ítem.
 - No 4.1.6. no que se terá que definir que se entende por “insumos do territorio”.

A Xunta Directiva acorda os seguintes cambios, tendo en conta as suxestións de AGADER, ao mesmo tempo que tamén se aproba subir as puntuacións no criterio 1.2.A. “Densidade de poboación do ano 2007”, quedando da seguinte maneira:

1.2. Características demográficas do Concello	(Máximo 10 puntos)
A.-Densidade de poboación do ano 2007	(Máximo 7 puntos)
1.2.1: Concellos con densidade de poboación no 2007 igual ou inferior ao 50% da media galega (Aranga, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oza dos Ríos)	7
1.2.2: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 51% e 100% da media galega (Abegondo, Paderne)	6,5
1.2.3: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 101% e 200% da media galega (Carral, Miño)	6
1.2.4: Concellos con densidade de poboación no 2007 entre 201% e 300 % da media galega (Bergondo)	5,5
B.-Taxa de paro (fontes: Consellería de Traballo e Benestar e I.G.E. datos, 2010).	(Máximo 3 puntos)
1.2.1: Concellos con taxa de paro superior ao 0% e inferior ao 10,50% (Aranga, Carral, Cesuras, Coirós, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada).	2
1.2.2: Concellos con taxa de paro igual ou superior ao 10,50% e inferior ao 11% (Abegondo, Bergondo)	2,33
1.2.3. Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 11% e inferior ao 11,50% (Betanzos, Cambre, Miño)	2,66
1.2.4. Concellos cunha taxa de paro igual ou superior ao 11,50% (Arteixo, Culleredo)	3

4. Impacto sobre o territorio:	25 puntos
4.1. Capacidade de arrastre do proxecto	
4.1.1: Apoio á implantación de servizos básicos e equipamentos necesarios para a mellora de vida da poboación local: (transporte, saúde, dependencia, educativos, sanitarios, culturais, sociais, deportivos, asistenciais e de ocio).	15
4.1.2: Proxectos de transformación de produtos forestais ou melloras no monte ou no seu uso público	15
4.1.3: Proxectos innovadores de produción primaria, ou de transformación e comercialización de produtos agrarios e a súa posta no mercado (utilizar variedades tradicionais, novos cultivos, etc.)	15
4.1.4: Proxectos que inclúan agrupacións de terras ou uso dos Bancos de Terras	15
4.1.5: Proxectos que inclúan autoabastecemento enerxético (posta produción vellas plantas de luz veciñais, caldeiras leña, placas solares, biodixestores, etc.) e/ou contribúan á loita fronte ao cambio climático con accións concretas.	10
4.1.6.: Proxectos que nos investimentos iniciais utilicen insumos (materias primas e/ou servizos) de empresas do territorio (que teñan a súa sede social no ámbito territorial de Mariñas – Betanzos) (mínimo 10% dos investimentos aceptados)	10
4.1.7.: Se non existe a actividade económica do proxecto no Concello (segundo I.A.E. municipal)	10

A xunta directiva acorda que se envíen a AGADER estes cambios para a súa aprobación.

5. INFORME DA ASEMBLEA ANUAL DA RED ESTATAL DE DESARROLLO RURAL (REDER)

O pasado día 22 de xuño de 2011, tense celebrado en Madrid unha Reunión da Asemblea da Red Estatal de Desenvolvemento Rural (REDER) á que ten acudido o Presidente do GDR en calidade de Vicepresidente da REDER.

Os asuntos a tratar, entre outros, foron: Análises e toma de acordos sobre a presenza da REDER en las diferentes CC.AA. tralo proceso electoral; Contas económicas do ano 2010 e orzamento do 2011; Información sobre a colaboración coas redes rexionais e información e toma de postura de REDER sobre a reforma da P.A.C., proposta de aplicación da metodoloxía LEADER no vindeiro marco.

Ao respecto desta reunión, o Presidente comenta a modo de resumo outros puntos que tamén se trataron nesta xuntanza e que se detallan a continuación:

- Pídense aportacións á Xunta Directiva ao respecto da reforma do Programa.
- Enviarase documento de proposta de Reforma (PAC 2007-2013) na próxima Xunta Directiva.
- Falarase de volver a recuperar o financiamento do período anterior.
- Vai a organizarse un Congreso sobre Desenvolvemento Rural os días 21 e 22 de setembro en Toledo, ao que está previsto convidar a José Manuel Silva, Director Xeral Desenvolvemento Rural da Comisión Europea.

6. ROGOS E PREGUNTAS

6.1. PROCESO CANDIDATURA A RESERVA DE BIOSFERA.

A continuación o xerente do Programa LEADER presenta os traballos desenvolvidos e en marcha ao respecto da Candidatura a Reserva da Biosfera. Entregarase na vindeira Xunta Directiva un dossier, previo á visita á Reserva de Biosfera de La Palma.

6.2. INFORME PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER:

6.2.1 Creación carpintería en Cañas (Carral) (L10-41300-29-0066).

Con data 21 de febreiro de 2011 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para creación dunha carpintería en Cañas (Carral).

O promotor do proxecto é a sociedade limitada Carpintería Vista Real S.L. que vai comezar a súa actividade especializándose na fabricación de fiestras e portas de madeira.

Nun principio esta sociedade vaise adicar á fabricación de portas e fiestras de madeira nun local onde estas actuacións se comparten e complementan coa carpintería de mobles que realiza o actual propietario do local (Lorenzo Graña). Nestes intres estase demandando fiestras e galerías de madeira. Por este motivo a Carpintería Vista Real S.L. pretende adquirir esta maquinaria para poder fabricar portas e fiestras de madeira

A sociedade vaise encargar da fabricación de fiestras e portas de madeira onde os dous administradores Lorenzo Graña e Ramón Villasenín son traballadores por conta propia e ademais van a crear o equivalente a 0,25 empregos .

O proxecto consiste na adquisición dunha prensa e fresas específicas para a fabricación das fiestras e portas de madeira. A sociedade comparte local e maquinaria en réxime de aluguer coa carpintería actual propiedade de Lorenzo Graña. Os investimentos deste proxecto consisten na adquisición de maquinaria. Este proxecto vai xerar emprego equivalente a 0,25 empregos.

A innovación deste proxecto consiste na fabricación de fiestras e portas de madeira con maquinaria moderna para que poida competir no mercado.

Esta actividade pode dar lugar ó establecemento doutras actividades no territorio e á potenciación dos recursos endóxeos, como a madeira. Esta iniciativa encaixa na medida 413 e no apartado II.-Creación, ampliación e modernización de PEMES.

Con data 01 de xullo de 2011, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Os investimentos deste proxecto consiste na adquisición de maquinaria e ascende a 34.759,26.-€ (29.457 investimento elixible).

Este proxecto acadou un total de 48,25 puntos tendo en conta o Plan de Igualdade. Agader considera que o Plan de Igualdade aceptado inicialmente ten que levar aparelado maiores obrigas para ser considerado como tal e solicita que se desconte da baremación dos proxectos.

Unha vez descontado o Plan de Igualdade, o proxecto acadou 43,25 puntos o que supoñe un 31,63% de axuda, resultando un importe de 9.317,25.-€ de axuda, sobre un orzamento elixible de 29.457.-€.

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto baseándose en que a fabricación de fiestras e portas de madeira con maquinaria moderna vai contribuír positivamente a que a empresa poida competir no mercado actual e na súa consolidación. Tamén acorda que dita resolución sexa remitida a AGADER, activando este expediente.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 23.15 horas. A continuación incorpóranse algúns dos antigos membros, representantes das administracións locais, da Xunta Directiva que teñen cesado nos seus cargos, aos que o presidente agradece o seu esforzo e adicación.

En Bergondo, a 5 de xullo de 2011

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes

ANEXO 2: EVOLUCION DOS FONDOS COMPROMETIDOS NO PROGRAMA LEADER

LISTADO COMPROMISOS LEADER(XULLO 2011)

MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	PORCENTAXE AXUDA	IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013	FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER
411 (PRODUCTIVO)	471.880,05	EXPLOTACIÓN RAZA GALIÑA PIÑERA Nº 24	40,00%	98.739,05	98.739,05	24.684,76	54.306,48		
Anualidade 2011: 158.459,35.-€		RECUPERACIÓN GRANXA PRODUCCIÓN LEBTE BIOSALUDABLE Nº 50	40,00%	199.672,26	199.672,26	47.784,65			
Anualidade 2012: 157.435,46.-€		IMPLANTACIÓN DE MANZANOS PARA SIDRA Nº 105 (Investimentos 33.554,04)	41,13%	13.800,28					
Anualidade 2013: 155.985,24.-€		Investimentos no sector agrario posta en marcha novas producións nº 96 (89.230,58.-€)	45,00%	40.153,76					
		AMPLIACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRAS EN CARRAL Nº 108 (Investimentos 746.004,23.-€)	40,50%	250.000,00					
		Melloras en fábrica de piensos composto para animais Nº 98 (123350.-€)	35,00%	43.172,50					
		Implantación de lúpulo no territorio Mariñas-Betanzos Nº 100							
		TOTAL MEDIDA 411		645.537,85	298.411,31	72.469,41	54.306,48		345.104,16

MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	PORCENTAXE AXUDA	IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013	FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER
412 (NON PRODUCTIVO)	283.128,03								
Anualidade 2011: 0		RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCAIS(76.171,75). Nº11	64,98%	49.496,40	49.496,40				
Anualidade 2012: 13.406,78.-€		REXENERACIÓN E PROTECCIÓN DA FRAGA DO VINTE (19.152,54.-€) Nº 86	70,00%	13.406,78					
Anualidade 2013: 0.-€		POSA VALOR ELEMENTOS PATRIMONIO ADICIAOS A AUGA EN ABEGONDO (67.711.-€) nº 90	90,63%	61.366,48					
		TOTAL MEDIDA 412		124.269,66	49.496,40				283.128,03

MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	PORCENTAJE AXUDA	IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013	FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER
413 (PRODUCTIVO)	943.760,10								
Anualidade 2011: 316.918,70.-€		PAPELERIA E SERVIZOS DE FOTOCOPIADORA EN OZA (32.220,11). Nº 2	41,50%	13.371,35	13.371,35	4.269,19			
Anualidade 2012: 314.870,93.-€		AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL (69.827,59). Nº 3	26,00%	18.155,17	18.155,17				
Anualidade 2013: 347.552,31.-€ (Regularizado produtivos e non produtivos en el 2013)		CREACIÓN EMPRESA INTEGRAL TURISMO E SERVIZOS DE OCIO (169.673,45). Nº 4	31,00%	52.598,77	52.598,77	13.149,69	21.472,65		
		AMPLIACIÓN EMPRESA MAIORISTA DE PINTURAS (PROINDE). (542.645,47). Nº 14	36,00%	195.352,37	195.352,37	54.585,68			
		ZONA DE OCIO RECREATIVA E DE OCIO NATURAL NO MARTINETE(585.788,21) Nº 13	40,75%	200.000,00	200.000,00	25.929,57	74.542,37		
		NOVA ESCOLA INFANTIL NA LAGOA (355.274,60) Nº 17	44,00%	156.320,82	156.320,82	125.056,66	31.248,53		
		PROXECTO DIVULGATIVO DO SECTOR LACTEO(133.779,67). Nº29	45,00%	60.200,85	60.200,85	40.193,85	7.966,83		
		MOD. DE EMPRESA DE SERVIZOS NO SECTOR FORESTAL(74.210,41). Nº18	28,10%	20.867,97	20.867,97	3.760,45			
		MODERNIZACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRA - CONST. NAVE Nº25	31,50%	12.885,30	12.885,30				
		CREACIÓN PERRUQUERÍA NOS CAMPOS Nº 27	35,50%	7.523,01	7.523,01				
		MODERNIZACIÓN CAMPING AGUIAR	39,00%	72.768,74	72.768,74	18.192,18	22.025,00	32.551,56	
		MODERNIZACIÓN INDUSTRIA MELLORAS MEDIOAMBIENTAIS Nº34	45,00%	200.000,00	200.000,00	20.000,00	88.086,35		
		POSTA EN MARCHA LABORATORIO GALIÑA PIÑERA Nº 57 (143.750,17.-€)	44,50%	63.968,83					
		CREACIÓN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE ABEGONDO (363.152,63.-€) Nº37	45,00%	163.418,68	163.418,68				
		CREACIÓN GRANXA ESCOLA EN FOLGOSO		116.379,31					
		CREACIÓN ESTUDO FOTOGRÁFICO EN COIROÍS(17.652,48.-€) Nº 42	42,50%	7.502,30	7.502,30	7.502,30			
		AMPLIACIÓN CAMPO GOLF EN LARÍN ARTEXO Nº46 (644567,40.-€)	40,50%	200.000,00	200.000,00				
		IMPLANTACIÓN PLATAFORMA COMUNICACIONES EN ALIMENTAC.(37.001) Nº48	27,00%	9.990,27	9.990,27	2.641,60	7.348,67		
		AMPLIACIÓN EMPRESA ADICADA AO COMERCIO AO POR MAIOR(114.254,19.-€) Nº54	38,00%	43.416,59	43.416,59	10.854,15	10.854,15	21.708,29	
		AMPLIACIÓN EMPRESA FORESTAL EN ASPRA (TABEAIO-CARRAL) Nº 64 (34.237,29.-€)	34,00%	11.640,68	11.640,68	11.640,68			
		CREACIÓN RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE) (510.491,02.-€) Nº 40	39,50%	200.000,00	200.000,00				
		MODERNIZACIÓN CARPINTERÍA DE MADEIRA EN ANS (CARRAL) (54.000.-€) Nº70	29,50%	15.930,00	15.930,00				
		TALLER REPARACIÓN E ALUGUER DE BICICLETAS	35,50%	3.195,00					
		AMPLIACIÓN EMPRESA PROTÉSICO DENTAL EN CARRAL (20.120.-€)	27,00%	5.432,40					
		CREACIÓN CARPINTERÍA EN CAÑAS (CARRAL) nº 66 (29.457.-€)	31,63%	9.317,25					
		FABRICACIÓN DE CADROS ELÉCTRICOS ESPECIAIS (269.612,27.-€) Nº92	44,50%	119.977,46					
		FABRICACIÓN ESTRUCTURAS METÁLICAS ESPECIAIS(274.046,75.-€) Nº94	44,50%	121.950,80					
		NOVA CARPINTERÍA INNOVADORAS DE MADEIRA DA COMARCA nº 110 (Investimentos: 56.506,76)							
		Creación empresa comercializadora por maior/menor maquinaria agrícola gandeira nº 112							
		Melloras en industrias de panadería. Nº 114							
		Modernización estudo de fotografía en Abegondo Nº 116							
		Casa de comidas tradicional en Abegondo. Nº104							
		TOTAL MEDIDA 413 (PROD.)		2.102.163,92	1.661.942,87	337.776,00	263.544,55	54.259,85	288.179,70

MEDIDA	TOTAL FONDOS PÚBLICOS	ICES ENVIADOS A AGADER PARA VERIFICACIÓN	PORCENTAJE AXUDA	IMPORTE DE AXUDA SEN APROBACIÓN AGADER	IMPORTE DE AXUDA APROBADA POR AGADER	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2011	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2012	IMPORTE AXUDA COMPROMETIDO EN 2013	FONDOS PENDIENTES DE COMPROMETER
413 (NON PRODUCTIVO)	188.752,02								
Anualidade 2011: 158.459,35.-€		AMPLIACIÓN REFUXIO DE ANIMAI(158.638,28). Nº 9	50,00%	79.319,14	79.319,14	19.829,79	59.481,42		
Anualidade 2012: 144.028,69.-€		AULA DE INFORMÁTICA CENTRO CULTURAL CAMBÁS(108.521,58). Nº 16	73,10%	79.329,27	79.329,27	13.064,44			
Anualidade 2013: 120.403,39.-€ (Regularizado produtivos e non produtivos)		REFORMA LOCAL PARA AMPLIAR SERVIZOS (CRUZ VERMELLA) (60950,30) Nº 36	46,32%	60.950,30	60.950,30				
		AULA NET CULTURA ABERTA	64,98%	11.838,12					
		REFORMA DO PAVILLÓN ATENCIÓN INTEGRAL PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL (ASPAC) (799019,97€)	50,00%	250.000,00	250.000,00	25,00	99.877,50	150.122,50	
		MULTISECTORIAL EN CULLEREDO (ASPANAES) (228.747,19.-€)	52,15%	119.291,66	119.291,66	43.377,30	30.646,37	45.267,99	
		PRESTACIÓN SERVIZOS DE TRANSPORTE ADAPTADO CONCELLO OZA DOS RÍOS (107.000.-€) Nº 58	87,13%	93.229,10					
		TOTAL MEDIDA 413 (NON PROD.)		693.957,59	588.890,37	76.296,53	190.005,29	195.390,49	-272.940,29
TOTAL FONDOS 413 (Productivos e non produtivos)	1.402.233,37	TOTAL MEDIDA 413 (PRODUCTIVOS E NON PRODUCTIVOS)				414.072,53	453.549,84	249.650,34	-641.894,66
Anualidade 2011:	475.378,05								
Anualidade 2012:	458.899,62								
Anualidade 2013:	467.955,70								